



Asunto: Notificación de resolución
Destinatario: Concello de Santa Comba Praza do Concello, nº 1 15841 Santa Comba (A Coruña)

Clave: DH.W15.90643
Expediente: Solicitud de autorización de obras de mellora de pavimentación do vial entre Freixeiro Iglesia – A Illa – Castro Pombo, Portocarreiro, no t.m. de Santa Comba (A Coruña).
Solicitante: Concello de Santa Comba
Asunto: Resolución

Antecedentes

1. Con data 11/02/2023, María Josefa Pose Rodríguez, en representación do Concello de Santa Comba, con NIF P1507800I, presentou a solicitude de autorización de obras referida no encabezamento.
2. Consta o xustificante de pago das taxas de tramitación.
3. Con data 09/04/2024 emítense informe favorable ao solicitado elaborado pola Empresa Pública Tragsatec no marco do encargo ENC.21002 de Servizo de Apoio a Augas de Galicia na tramitación de autorizacións de obras en zona de policía, servidume e dominio público hidráulico, concesión de augas, autorización de cortas, navegacións e sancionadores, no ámbito xeográfico da Demarcación Centro de Augas de Galicia que conta coa conformidade do órgano proponente.



CVE: 6NivODEHeSH8
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Fundamentos de dereito

Primeiro.- Competencia para resolver

- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia
- Decreto 32/2012 do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto de Augas de Galicia.

Segundo.- Lexislación aplicable:

- Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas
- Texto refundido da Lei de augas, aprobado por Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo (TRLA)
- Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril (RDPH)

Terceiro.- Artigos de aplicación específica:

- TRLA: Artigo 2 (definición de dominio público hidráulico), Artigo 6 (zonas de afección nas marxes)
- RDPH: Artigo 53 (tramitación de solicitudes de autorizacións en dominio público hidráulico), Artigo 78 (procedementos de tramitación de novas actividades e usos do solo en zona de policía), Artigo 78 ter. (autorización previa para actividades e usos do solo en zona de policía), Artigo 126 (obras dentro ou sobre o dominio público hidráulico)

De acordo con todo o exposto, a xefatura do Servizo Territorial, PROPÓN:

Autorizar ao Concello de Santa Comba, con NIF P1507800I, as obras previstas no proxecto "Mejora de pavimentación del vial de comunicación entre Freixeiro Iglesia-A Illa-Castro Pombo-Portocarreiro. Santa Comba", de xaneiro de 2023, e na documentación adicional de decembro de 2022, situadas na zona de policía e sobre o río Abuín e un rego innominado, rexistrados no sistema de información IDE-DHGC DHGC coas id 184017 e coa id 18401702, respectivamente, no t.m. de Santa Comba (A Coruña).

Esta autorización axustarase ao disposto pola Lei de augas e polo Regulamento do dominio público hidráulico, ademais do cumprimento das seguintes condicións:



Xerais

1. As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.
2. Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.
3. Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.
4. A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.
5. Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se ditén, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.
6. O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras.

Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.
7. Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.
8. Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.



Particulares

1. Autorízanse as obras previstas no proxecto "Mejora de pavimentación del vial de comunicación entre Freixeiro Iglesia-A Illa-Castro Pombo-Portocarreiro. Santa Comba", de xaneiro de 2023, e na documentación adicional de decembro de 2022, situadas na zona de policía e sobre o río Abuín e un rego innominado, rexistrados no sistema de información IDE-DHGC DHGC coas id 184017 e coa id 18401702, respectivamente, no t.m. de Santa Comba (A Coruña), en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

As obras consisten no reforzo e pavimentación de viais, incluíndo: explanación e rasanteo do firme; limpeza e perfilado de cunetas; saneo, reforzo e pavimentación con misturas bituminosas; reparacións de blandóns e baches; reforzo dos accesos ás vivendas mediante formigón en masa; reposición de tubos pasacunetas; reposición de servizos afectados. As obras pasan sobre dous cursos de auga sen alterar as obras de drenaxe existentes.

2. Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.
3. Durante as obras deberán extremarse as precaucións para impedir que calquera tipo de material, sustancia ou produto poida contaminar ás augas ou chegar a ser arrastrado ás mesmas por posibles escorrentas.
4. Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito do río.
5. Prohibirase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira, agás que conte con autorización específica para estes traballos.
6. Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.

De xeito especial, prohibese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.

Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ao río por escorrentas ou cheas.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado.



CVE: 6NivcODEHeSH8
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

Asinado por: MANRIQUE MERINO, JESUS ANTONIO
Cargo: Xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia
Data e hora: 16/04/2024 10:33:45

Asinado por: ARIAS SANCHEZ, ROBERTO
Cargo: Comisario de Augas
Data e hora: 16/04/2024 12:09:05



7. Una vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase á súa rehabilitación, descontaminando a terra e, se for preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.
8. O prazo para a realización das obras ou traballos é de VINTE E CATRO (24) MESES contado a partir da data de recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, a non ser que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.
9. Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno.

Santiago de Compostela, o xefe do Servizo Territorial – Jesús Antonio Manrique Merino (Sinatura dixital)

Visto o exposto, a Comisaría de Augas, de conformidade co establecido no Artigo 17 do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto de Augas de Galicia, eleva á Dirección de Augas de Galicia a proposta de resolución relativa á Autorización ao Concello de Santa Comba, con NIF P1507800I.

Santiago de Compostela – o comisario de augas - Roberto Arias Sánchez (Sinatura dixital)

De conformidade co artigo 15.3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro de Augas de Galicia, RESOLVO OUTORGAR a autorización ao Concello de Santa Comba, con NIF P1507800I.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada ante a presidencia de Augas de Galicia no prazo DUN (1) MES a contar dende o día seguinte á súa notificación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Para o suposto de ser un suxeito obrigado a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas ou de optar por este medio, o recurso deberá ser interposto a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>) empregando o formulario normalizado dispoñible (IF321D - <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IF321D&ano=2020&numpub=1&lang=gl>).

Santiago de Compostela, a directora de Augas de Galicia –Teresa María Gutiérrez López (Sinatura dixital)